

## Xosé Conde na lembranza

**Eduardo González Ananín**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

GONZÁLEZ ANANÍN, EDUARDO (2011 [1991]). “Xosé Conde na lembranza”.  
*Dorna*: 17, 55-58. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas  
contemporáneas na cultura.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/615>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

GONZÁLEZ ANANÍN, EDUARDO (1991). “Xosé Conde na lembranza”. *Dorna*:  
17, 55-58.

\* Edición dispoñíbel desde o 12 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## XOSÉ CONDE NA LEMBRANZA

Eduardo González Ananín

Foi un home apaixonado, de pulos imprevisibles e súpetos. Quizais a súa fuxida da Terra, na idade temperá da adolescencia, non obedecese tanto a unha necesidade material canto a un arrauto íntimo: un lume que, xa de neno, lle ardía por dentro.

Seu pai, en principio, negouse en redondo a lle da-lo permiso de saída, pero tivo que acabar cedendo ante a teimosía do fillo. Conde lembraría sempre o intre da despedida, no peirao de Vigo, coma o fito máis doroso da súa vida.

Irrompeu na poesía tamén dun xeito apaixonado. O revulsivo foi a guerra fratricida que estalou brutalmente en España dapouco da súa arribada a Buenos Aires. Este feito provocou nel un arrepío que acabaría por se trocar nunha idea fixa -case que obsesiva- da que xa nunca máis se puido liberar. España foi o branco dos seus versos máis combativos.

Verquía os seus sentimentos no primeiro papel que atopaba a man. Empezou a escribir intuitivamente, sen coñece-la métrica, seguindo os camiños da súa propia inspiración. Alagou de poemas o botiquín do Hospital Español onde traballaba, primeiro de enfermeiro e despois de practicante. O Director do Centro, home alleo á poesía, pero dunha moi grande sensibilidade, nunca recriminou ó poeta polo que puidera parecer —desde a óptica da eficiencia hospitalaria— unha perda de tempo no seu traballo. Pola contra, deu orde de que Conde non fose molestado no seu quefacer poético. Buscoulle mesmo un protector. Presentoulle a Henry Benamor, profesor de literatura na Universidade de Buenos Aires, para que o orientase. Este, ó coñece-la poesía de Conde, convertíuse no seu primeiro admirador. Fixo unha escolma dos mellores poemas, ordeoullos para a súa publicación e prologoullos eloxiosamente. Así, saíu á luz o seu primeiro libro en castelán "*Penas son cantares*".

A partires de aquí, empeza a asistir á Facultade de Filosofía e Letras para conquistar —segundo lle decía o profesor— unhas "andadeiras". Asiste somentes ás clases de literatura, o resto non lle importa. Cando puido coñece-las regras da versificación e se decatou das claves da poesía e dos seus erros anteriores, sentiuse fondamente avergoñado do seu libro. Enfadouse co seu benefactor por lle non ter desaconsellado a tempo a súa publicación e por lle facer, encima, un prólogo tan gabancioso. Os exemplares aínda non vendidos foron parar ó crematorio do

hospital. Alí arderon todos, en íntimo holocausto. Salvouse somentes un da queima —como recordo— pero co prólogo arrin-cado. Non puido atura-los eloxios que alí se verquían e que el consideraba inxustos.

O libro, aínda así, xa se espallara polos círculos poéticos da cidade, acadando unha moi boa acollida. O poeta Avelino Díaz fíxolle unha crítica laudatoria e rremataba cunha frase que era toda unha chamada á súa conciencia de galego: “¡Lástima de libro! ¡Debera estar escrito no idioma da Terra!”.

A frase foi decisiva. Conde pásase ó idioma de Rosalía e publica “*Nouturnio de soedades*”. Maruxa Boga e Alfredo Aróstegui, vellos loitadores a prol do noso pobo, encontran nel unha canteira lírica para a súa audición radiofónica “Recordando a Galicia”, que durante moitos anos se emitiu a través de “Radio Ribadavia”, tódolos sábados ó medio día. Os versos de Conde entraron nos fogares de milleiros de galegos emigrantes, reme-xéndolles por dentro a saudade e facéndolles engrada-los ollos.

Non era amigo de tertulias numerosas, mais si de reunións íntimas. Asistía con frecuencia a concertos, conferencias e expo-sicións. Daba longas camiñatas polas rúas de Buenos Aires, sempre acompañado de algún amigo.

Pese ó seu carácter solitario, acudía de cando en vez ás ter-tulias dos cafés da Avenida de Mayo —a rúa máis galega de Buenos Aires— onde se reunían xentes moi heteroxéneas, aínda que avencelladas todas polo denominador común do antifascis-mo. Alí acudían tamén, entre outros, Alberto Vilanova, Seoane, Lorenzo Verela, Arturo Cuadrado, Laxeiro, Marcos de Abeleda, Fernández Valle, Calviño de Castro, “Tacholas”, Ruibal, Miñones, etc... Conde, nas súas escasas intervencións, sempre poñía sobre o tapete a idea que máis o torturaba: a dor da emigración do noso pobo. A súa rebeldía ante a inxusticia levouno a lle man-dar un dos seus libros combativos “*Otoño en soliloquio*” ó xene-ral Franco, que lle constestou sen demora —a través da “Casa de su Excelencia”— acusándolle amablemente recibo, sen facer mención ó contido. A contestación está datada na Coruña o 18 de agosto de 1972.

Foi tamén un bo pintor. A súa chegada á pintura debeuse —ademais dunha innata predisposición— a un xesto xeneroso de Laxeiro, que lle regalou como agasalio unha paleta, adicada e firmada.

Conde quíxolle facer honor. A mesma noite do regalo pasou-na en vixía, nun dos seus arrautos creativos, enchendo de murais as paredes e mailo teito do seu apartamento. Logo, empezou a pintar lenzos, algúns deles á beira do río Orinoco e

das costas brasileiras, por onde andivo navegando en barcos petroleiros, no exercicio da súa profesión de practicante. Firmaba co pseudónimo de “Barqueiro”, en homenaxe ós barqueiros do Miño, o río entrañable da súa infancia.

O pintor Castro Couso, sorprendido pola calidade da súa obra, tentou de o convencer para que a expuxese. Foi o propio Castro Couso quen se encargou de todo, pois Conde negábase. Enmarcoulle os cadros e levoullos á “Galeria Lucense”, onde era director. O éxito foi superior a tódalas previsións.

Tamén Laxeiro, máis tarde, —estando os dous xa en Galicia— lle propuxo expoñe-la súa obra en Madrid e máis en Vigo, baixo o seu patrocinio. Conde rexeitou a proposta.

A pintura non logrou afastalo da poesía, que era a súa verdadeira paixón. Pola poesía deixou todo, mesmo a narrativa, xénero para o que estaba ben dotado. Sempre dicía: “Á poesía é moi ciumenta; se a deixas, déixate”. E el non a quixo deixar: estaba namorado dela.

Mantivo amizade con case que tódolos poetas arxentinos, sobre todo con Carlos Penelas —comentador da súa obra— e con Lucas Moreno, os dous oriundos de Galicia e vencellados á Terra polo cordón umbilical dos ancestros. Tamén lle rendeu homenaxe a poetas arxetinos anteriores: Alfonsina Storni, Fernández Moreno, etc...

Xosé Conde co seu entrañable amigo Eduardo González Ananín. Ourense 1987.



Eliseo Alonso e máis Eduardo Blanco-Amor foron dous dos seus contertulios íntimos. Con Eliseo Alonso cofundou a revista "Mundo Gallego", onde colaboraba por aquelas datas a intelectualidade galega do aquí e do alén mar (Otero Pedrayo, Blanco-Amor, Bouza Brey, etc...).

Blanco-Amor asistía con frecuencia ás xuntanzas literarias celebradas de cada cando na casa de Conde. Alí e novelista ourensán era a estrela da reunión, tanto pola súa erudición coma pola maxía da súa retórica. Del escoitamos, en distintas sesións, por aquelas datas, os seus agudos comentarios sobre o "*Cantar dos Cantares*", degrumándolle toda a súa fondura poética.

Foron días inesquecibles, de longas conversas literarias, con cea incluída, cociñada polo propio Conde coa axuda de Blanco-Amor, quen presumía de ser un moi bo cociñeiro. Cando Blanco-Amor regresou a Galicia, seguiron mantendo epistolariamente a súa amizade.

Conde cultivaba berzas no balcón do apartamento, como homenaxe á súa infancia en Galicia. Sempre adobiaba a comida con elas, pois dicía que así sentía "o alamio do caldo que miña nai me facía en Filgueira e Barbantes". Era un home fundamente telúrico e emotivo.

Cando unha vez enfermou de gravidade e se sentiu morrer lonxe da Terra, escribiu do seu propio puño e letra o testamento no que dispoñía que o seu corpo fose cremado e as súas cinzas espaxadas ó vento sobre as augas do Atlántico. Afortunadamente, non fixo falla. Cando sanou milagrosamente, o documento —que conservo— foi somentes papel mollado no arquivo dos meus recordos entrañables.

Veiu morrer a Galicia. Era unha das súas teimas: ser enterrado no cemiterio de Barbantes, ó pé das cinzas dos seus antepasados. Foi un dezaioito de xullo, data odiada no calendario íntimo da súa vida polo seu cruel simbolismo. Tocoume a min a triste tarefa de lle pecha-los ollos.

Cando Lucas Moreno se enteirou da morte do poeta, escribiu unha carta conmovedora. Remataba dicindo: "Conde foi un home afortunado. Conquistou o que sempre desexou: ser terra na súa Terra".